

Das partes e tamén do todo.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 16 Xaneiro 2013 01:03



O branco, xa me teño pronunciado, é unha cor ou, mellor dito, unha non-cor que sempre me agradou. Unha presenza visual, non a única claro, coa que me identifico, particularmente cando se incorpora a unha arquitectura. Percíboa como unha das ferramentas que se poden utilizar para axudar a abstraer todo artefacto arquitectónico e, polo tanto, para subliñar o seu carácter artificial, isto é, evidenciar a condición de ser creado polo ser humano. Sempre, un artificio. O branco, se nos referimos ás propiedades da luz, e segundo demostra todo prisma refractario, tamén é o resultado ou sumatorio das cores-luz do arco da vella ou, o que é o mesmo, do espectro visible polo ollo humano dentro de todo o espectro electromagnético. Ou sexa, na luz branca habitan todas as cores; está o día; está a vida. Se aceptamos isto último non nos custará esforzo aceptar que na falta de luz, nas tebras, no negro, se refuxian as ausencias. E durante o sono estamos, pero vívese sen vivir.

Retallos dun tempo branco. Hai anos decidín nomear así un diario no que, de xeito análogo a como Carmen Martín Gaité fai nos seus “ **Cuadernos de todo**”, mesturo pensamentos, ideas, obras e vivencias. Fragmentos dunha vida. Dunha vida común que procura non repetir erros e os conxela por se fose posible extraer algún ensino a tempo pasado.

O concepto de diario pon de manifesto a idea do todo e as partes. Esta relación é empregada polo ser humano en distintas manifestacións de xeito recorrente. Por veces as partes quedan tan imbricadas no todo que por si soas case pasan desapercibidas. Noutras ocasións son substancia nítida sobre a que se constrúe a obra. Penso nas esculturas de Anthony Caro, nos móbiles de Alexander Calder. As cascas da ópera de Sídney, de Jørn Utzon, son cinco fragmentos distintos dunha única esfera. Aparece esta mesma característica nas instalacións

Das partes e tamén do todo.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 16 Xaneiro 2013 01:03

con figuras de Juan Muñoz; anacos, escenas teatrais de gran carga psicolóxica paralizadas no espazo e no tempo, que impelen ao espectador. Algo similar acontece cos guerreiros de terracota do mausoleo de Qin Shi Huang, en China. Tamén se atopa nas cidades-escultura de Miquel Navarro. Louis I. Kahn foi un arquitecto prodixioso que se achegaba con agrado a esta fórmula no intre de moldear e ordenar volumetrías. Poderíamos seguir, ...pero non nos mareemos. Ao desenlace.

O IEM, por encarga do concello de Gondomar, acaba de editar un novo libro. O obxectivo consistía en maquinar un volume de carácter representativo, que retratase o municipio actual de xeito amplo e veraz e á vez ofrecese a información de forma precisa, amena e atractiva. Salvando as distancias e rexeitando toda comparación, empezamos a traballar sobre a idea dos fragmentos. Despois, seguímolos a facer durante quince meses. Fino Lorenzo, amigo e pintor e escultor, cando o libro aínda nin sequera tiña categoría de bosquejo, achegou como concepto que as imaxes elixidas fosen reproducións de acuarelas executadas expresamente para a ocasión. Á beleza do obxecto final contrapoñíase a subxectividade do representado. Un problema. A proposta diluíuse. O posto ocupouno a fotografía. Cando o libro, un traballo coral no referente á autoría de textos e imaxes, xa tiña nome pero aínda non estaba ao alcance comercial dos lectores, o destino quixo que Carlos Méixome, director do Instituto de Estudos Miñoranos, se cruzase oportunamente. E a oportunidade mudou *fragmentos* por *retallos*. Fun testemuña. Antes, Miguel Anxo Mouriño, compoñente do coro, mergullárase con pericia e paciencia en busca de naufraxios por cada unha das dispares partes dun hoxe concluído todo. **retallos de GONDOMAR DE MIÑOR.** □